



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VALDOVIÑO

*Bases convocatoria pública das axudas económicas de pago único ás familias para a escolarización dos seus fillos/as, curso 2012/2013*

### A N U N C I O

**Bases da convocatoria pública das axudas económicas de pago único ás familias para a escolarización dos seus fillos/as no curso 2012/2013.**

A Xunta de Goberno Local do concello de Valdoviño, en sesión que celebrou o once de outubro de dous mil doce, acordou aprobar as bases sinaladas; que se publican íntegramente aos efectos de xeral coñecemento e apertura de prazo de solicitude, que comezará a partir do día seguinte ao da publicación das mesmas no BOP, segundo o disposto no apartado 4 destas bases.

### **“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO ÚNICO ÁS FAMILIAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DOS SEUS FILLOS/AS NO CURSO 2012-2013**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA E CONTÍA**

A cantidade destinada no curso 2012/2013 para escolarización será de 3500 euros, financiadas polo concello de Valdoviño con cargo á partida 231.480.00 do orzamento para o ano 2013 (facendo constar que se trata dun expediente de tramitación anticipada de gastos). As axudas estarán destinadas a cubrir gastos de compra de material escolar (incluíndo roupa e calzado relacionada co inicio da actividade escolar), quedando excluídos os libros unicamente para familias que poidan solicitar beca da Xunta de Galicia.

#### **SEGUNDA: PERSOAS BENEFICIARIAS**

Serán beneficiarias destas axudas as familias de menores que cursen estudos de Educación Infantil, Primaria ou Secundaria Obrigatoria. Limitase o importe da axuda a 200 euros como máximo por menor.

#### **TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN**

Coa solicitude será necesario presentar a seguinte documentación:

- a. Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- b. Fotocopia do libro de familia
- c. Volante de empadramento e convivencia no Concello de Valdoviño
- d. Xustificantes de ingresos do núcleo de convivencia:
  - Fotocopia da Declaración da Renda do 2011 ou certificado de non ter obriga a facela.
  - Nóminas se as houbera.
  - Certificado do INEM e do INSS dos ingresos percibidos no 2011-positivo ou negativo- de todas as persoas en idade laboral que convivan.
- e. Vida laboral das persoas da unidade de convivencia en idade de traballar
- f. Factura do material escolar, libros, vestiario e calzado, así como outros artigos relacionados coa escolarización.
- g. Xustificantes de gastos:
  - Recibos de aluguer (se é o caso)

- Recibos de gastos derivados da condición de persoa con minusvalía, directamente relacionados coa discapacidade descrita no certificado de minusvalía durante o ano 2011.
- h. Xustificante de estar matriculado/a nalgún centro educativo sostido con fondos públicos.
- i. Declaración xurada de solicitude doutras axudas para a mesma finalidade concedidas por outras persoas ou entidades públicas ou privadas.
- j. Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para o cálculo da RPC (Renta Per Cápita) teranse en conta os ingresos netos de todos os membros da unidade familiar en cómputo anual referidos ano 2011 e se deducirán gastos do mesmo ano de aluguer ou hipoteca sobre a vivenda habitual así como os relacionados coa condición de persoa minusválida dentro da unidade familiar.

No caso de que os menores pertencen a unha familia monoparental e non convivan con outros ascendentes diferentes da persoa progenitora, o resultado do cálculo da RPC anterior multiplicarase por 0,75, tomando esta última como RPC a valorar.

#### CUARTA: PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais a partir do día seguinte ao día de publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Ademais, nesa data darase publicidade no taboleiro de anuncios municipal e mediante bandos.

As solicitudes presentaranse no rexistro municipal en modelo normalizado que será facilitado nas oficinas municipais e con ela xuntarase a documentación requirida.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, o órgano instructor requirirá á persoa interesada para que a enmende no prazo máximo de 10 días, indicándolle que de non facelo daráselle por desistida a súa solicitude e será arquivada sen máis trámites.

#### QUINTA: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Seguiranse os seguintes criterios para a concesión das axudas:

Nº membros ud. familiar	A RPC	B RPC	C RPC	D RPC
2 persoas	<4400	4401-5140	5141-5870	5871-6600
3 persoas	<3500	3501-4238	4239-4969	4970-5701
4 persoas	<2824	2825-3546	3547-4269	4270-4994
5 persoas	<2392	2393-2992	2993-3687	3688-4385
6 persoas e +	<2184	2185-2895	2896-3616	3620-4343
<b>SUBVENCION</b>	100%	75%	60%	40%

#### SEXTA: PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

O órgano competente para a instrución do procedemento, así coma para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Traballadora Social. Esta emitirá informe unha vez avaliadas as solicitudes de cara a formular a proposta de resolución provisional, na que se expresará o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes para a concesión das axudas con arreglo aos criterios establecidos na base 5ª das presentes bases.

Unha vez informada a proposta pola Intervención Municipal, formularase proposta á Xunta de Goberno Local que será o Órgano competente para a súa concesión.

As solicitudes serán valoradas pola traballadora social e concedidas pola Xunta de Goberno local no prazo máximo de 3 meses. Este prazo comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución deberá conter a relación de persoas solicitantes que resulten beneficiarias e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houbese e a causa.

No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas das presentadas polas persoas solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

A falta de notificación da resolución de concesión producirá efectos desestimatorios. A desestimación, expresa ou presunta, porá fin á vía administrativa. Contra dita desestimación poderá interpoñerse recurso de reposición nos prazos sinalados pola lei, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

A resolución farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo dun mes.

No caso de que se esgote o crédito orzamentario, a preferencia para a obtención das axudas económicas basearase no criterio de menor renda por unidade familiar.

#### **SÉTIMA: PAGAMENTO**

As axudas serán aboadas a partir do mes de xaneiro de 2013.

#### **OITAVA: OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

As persoas beneficiarias veranse obrigadas a:

- Cumprir a finalidade para o que foi concedida a axuda
- Someterse ás actuacións de comprobacións efectuadas polo Concello
- Comunicar ao Concello a concesión doutras axudas que financien a actividade subvencionada

#### **NOVENA: COMPATIBILIDADE**

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de axudas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade, sempre que a contía de todas as axudas concedidas, asiladamente ou en concurrencia con outras, non supere o custo total dos gastos en que incurran as persoas beneficiarias. De superarse dito custo, reducirase a contía da axuda do concello no importe que exceda.

#### **DÉCIMA: INFRACCIÓNS E SANCIÓN. REINTEGRO DAS AXUDAS**

O incumprimento pola persoa beneficiaria das súas obrigas ou da finalidade da axuda dará lugar ao reintegro total ou parcial, segundo proceda, da axuda percibida, máis os xuros de demora, nas condicións e de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Regulamento da Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Regulamento da Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.

## ANEXO – MODELO DE SOLICITUDE

“D. /Dna. \_\_\_\_\_, veciño/a do Concello de Valdoviño, con enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_ e teléfono \_\_\_\_\_

## EXPÓN:

Que enterado/a do bando da Alcaldía, polo que se abre o prazo para solicitar axuda económica destinada a sufragar, total ou parcialmente, gastos que teñan que facer as familias en situación de precariedade económica, para mercar material escolar e roupa/calzado destinado á actividade escolar para o curso 2012-2013, e crendo reunir os requisitos necesarios para poder acceder a tales axudas, fai a declaración que figura no reverso da presente solicitude e acompaña á presente os seguintes documentos:

- ❖ Fotocopia do DNI de todas as persoas maiores de idade que compoñen a unidade familiar.
- ❖ Fotocopia do libro de familia
- ❖ Volante de empadramento e convivencia (expedido polo Concello a nome do escolar)
- ❖ Xustificante de estar matriculado nalgún centro educativo sostido con fondos públicos.
- ❖ Xustificantes de ingresos da unidade familiar referidos ao ano 2011 :
  - Declaración de IRPF do ano 2011 ou no seu caso certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria en relación á non obriga de presentación da mesma de cada un dos membros da unidade familiar. Neste último caso, ademais do certificado negativo deberá presentarse a vida laboral (901502050) e certificados de empresas sobre os ingresos brutos anuais das persoas que non fagan declaración da renda.
  - No caso de ter percibida prestación do INEM deberá aportar certificado acreditativo expedido polo antedito organismo.
  - No caso de maiores de 65 anos ou pensionsitas deberán aportar certificado positivo ou negativo do INSS da pensión do ano 2011.
- ❖ Tarxeta de desemprego no seu caso
- ❖ Presuposto-proforma ou factura na que constará desglosado e separado por cada neno/a o importe do material escolar, roupa ou calzado.
- ❖ Xustificantes de aluguer ou hipoteca do ano 2011
- ❖ Xustificante de gastos derivados da condición de persoa minusválida dalgúns dos membros da unidade familiar, correspondentes ao 2011

**NOTA IMPORTANTE:** A roupa e calzado relacionada coa actividade escolar deberá ter un prezo medio no mercado. Deberán ser tickets/facturas de data entre o 15 de xullo e remate do prazo de solicitude.

A falta de documentación ou falsidade na súa presentación, será motivo de desestimación ou denegación da solicitude.

**SOLICITA:**

Que a familia que representa sexa considerada como beneficiaria da tales axudas e consecuentemente lle sexa concedida unha axuda para facer fronte aos gastos que lle comporta a escolarización dos/das nenos/as.

O abaixo asinante, do que os datos persoais figuran no anverso da solicitude, DECLARA BAIXO XURAMENTO ser certas as circunstancias persoais que se indican a continuación:

1º Que os/as nenos/as que ten ao seu cargo cursan estudos correspondentes a algún dos niveis que poden ser obxecto de subvención:

NOME E APELIDOS	IDADE	CURSO	CENTRO

2º Que SI  NON  (táchese o que no proceda) solicitou axudas doutras entidades ou organismos para a mesma finalidade (de contestar afirmativamente indicar a contía da axuda):

Denegada  Aprobada  CONTIA \_\_\_\_\_

3º No caso de ter dereito a outra axuda para a mesma finalidade de forma posterior ao cobro da beca municipal, comprométome a comunicalo coa maior brevidade posible de cara a aplicar o punto noveno das presentes bases.

4º Que todos os datos dos que se deixa constancia, así como a documentación que acompaña á solicitude se axustan plenamente á realidade e que no se omite información nin documentación relativa aos datos que se solicitan.

5º Que o número de conta bancaria na que desexo que me ingresen a axuda no caso de concesión é o seguinte: \_\_\_\_\_  
 (20 dígitos), no banco ou caixa \_\_\_\_\_

6º Que está ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

E para que así conste, asina a presente declaración en Valdoviño a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO”

O que se fai público, para xeral coñecemento.

Valdoviño, 18 de outubro de 2012”.

O Alcalde,

Asdo.: José Antonio Vigo Lago